

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE NOVIEMBRE DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en novembro de 2020	20
6.3.	Evolución da precipitación en novembro de 2020.....	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 16/12/2020



Mes moi cálido e seco.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro tivo unha primeira quincena marcada polos ventos do suroeste e polo tanto predominio da humidade e as chuvias nas comarcas máis atlánticas. Estas altas presións foron aínda máis protagonistas na segunda quincena, especialmente na terceira semana. Isto deixou un mes no que, agás nalgúns puntos concretos do suroeste, as chuvias estiveron por debaixo do habitual. En canto ás temperaturas, foron superiores ás normais dun mes de novembro, polo predominio ou ben do suroeste ou ben das situacións anticiclónicas.

Así, o mes comezaba con dúas xornadas moi semellantes, con fortes ventos do suroeste, moita humidade e chuvias concentradas en Pontevedra e no suroeste da Coruña.

O día 3 tivemos tempo seco cun importante descenso das temperaturas, quedando Galicia o día 4 nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, con chuvascos de tipo ocasional, máis frecuentes no norte.

Os días 5 e 6 unha baixa desprendida quedou illada fronte da costa portuguesa, deixando ceos parcialmente anubrados, sen chuvia e con ascenso de temperatura. Porén, a borrasca foise achegando nas xornadas do 7 e o 8, polo que rexistramos dous días con precipitacións, máis persistentes e xeneralizadas na xornada do 8, cando a borrasca tivo o seu máximo achegamento a Galicia, deixando tamén importantes chuvascos na madrugada do 9.

Nesa mesma xornada do 9 fomos quedando na influencia anticiclónica que se estendeu ata a xornada do 13, coa excepción dunha fronte pouco activa que rozou o noroeste na xornada do 12.

Os días 14 e 15 Galicia sufriu os efectos dunha nova borrasca localizada no Atlántico norte, que deixou importantes ventos e chuvias bastante xeneralizadas.

Os restos da tormenta tropical Theta deixaron un importante incremento nas temperaturas dos días 16 e 17 e achegaron tamén algunhas precipitacións o día 18. O termómetro superou nesas 3 xornadas os 20°C en moitos lugares da Comunidade.

Unha vez que Theta desapareceu completamente, Galicia quedou na influencia dun potente anticiclón que estendeu a súa influencia entre as xornadas do 19 e o 23, deixando xornadas



de estabilidade atmosférica, con importante contraste de temperaturas entre as mínimas, rexistrándose xeadas en puntos do interior, e as máximas que nalgúns puntos aínda conseguían superar os 20°C.

O día 24 foi de transición, co achegamento dunha fronte desde o Atlántico, que provocaba un aumento das nubes e algunhas chuvias no oeste, que na xornada do 25 se estenderon ao resto da Comunidade, cun importante descenso das temperaturas máximas.

Aínda na xornada do 26 tivemos precipitacións pola mañá, pero a baixa foise afastando de Galicia e polo tanto a estabilidade foi en aumento.

Os días 27 e 28 foron anticiclónicos, mentres que o 29 rexistráronse algunhas chuvias ocasionais pola mañá polo achegamento da borrasca desprendida, denominada *Clement*, localizada nas illas Madeira, Esta borrasca apenas nos afectou, quedando de novo Galicia o derradeiro día do mes baixo a influencia das altas presións.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) como no de altura xeopotencial (Figura 2), pódese observar como a Comunidade presenta anomalías positivas. Isto debeuse á influencia anticiclónica que predominou no mes, e que se pode apreciar principalmente en superficie onde houbo dúas fortes anomalías positivas, de xeito que a Comunidade quedou baixo a influencia tanto do anticiclón dos Azores como do anticiclón centroeuropeo.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Novembro-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Novembro-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	NOVEMBRO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.9/14.8	13.2	15.7 (2015)	10.8 (1966)
Tª mínima media	12.0/11.7	10.5	13.2 (2015)	7.9 (1956)
Tª mínima absoluta	8.4/7.8 (día 23)	2.6 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	19.2/19.2 (día 1)	19.1 (06/11/2015)		
Tª máxima media	17/.8/17.9	15.9	19.7 (1947)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	22.6/22.2 (día 18/1)	25.0 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	13.0/12.5 (día 25)	8.4 (29/11/1969)		
Precipitación acumulada	63	116-149	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	10	14	30 (2019)	1 (1981)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas. No día primeiro do mes acadouse o máximo histórico de temperatura mínima máis alta da serie. A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, o que se reflectiu tamén no número de días de chuvia inferiores ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	NOVEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.5	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	9.0	7.8	11.0 (1983)	6.0 (2010)
Tª mínima absoluta	4.7 (día 23)	-3.0 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	16.2 (día 1)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	16.1	15.1	17.9 (1983)	12.8 (2019)
Tª máxima absoluta	20.7 (día 21)	24.7 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	10.2 (día 25)	5.5 (26/11/1985)		
Precipitación acumulada	187	172-251	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	12	16	29 (2019)	3 (2001)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou cálido. A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, non sendo así, o número de días de chuvia, cun valor moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	NOVEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.0	9.2	11.8 (1992)	7.5 (2001)
Tª mínima media	5.6	5.2	8.7 (1992)	2.2 (2007)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 23)	-6.4 (17/11/2007)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 1)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	16.3	13.1	16.4 (2015)	11.3 (2008)
Tª máxima absoluta	21.7 (día 17)	23.2 (08/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	10.3 (día 25)	4.0 (29/11/2008)		
Precipitación acumulada	84	96-118	305 (2019)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	10	12	29 (2019)	1 (1981)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima resultou extremadamente cálido. Como resultado disto tendo en conta a temperatura media o mes resultou moi cálido.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia estiveron por debaixo dos valores climáticos agardados, resultando un mes seco.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.6	12.2	14.8 (2006)	9.9 (1966)
Tª mínima media	9.1	7.7	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	4.4 (día 23)	-1.5 (30/11/1963)		
Tª mínima máis alta	17.0 (día 1)	17.8 (01/11/2019)		
Tª máxima media	18.0	16.7	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	21.8 (día 19)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	12.1 (día 25)	7.4 (30/11/2008)		
Precipitación acumulada	106	164-269	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	11	14	26 (2019)	0 (2001)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas medias e máximas. Porén, para as mínimas o mes resultou cálido.

A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco, que tamén se reflectiu nun número de días de chuvia inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	NOVEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.1	11.1	13.9 (1983)	9.1 (2001)
Tª mínima media	8.1	6.3	9.5 (1983)	1.6 (2007)
Tª mínima absoluta	2.3 (día 4)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª mínima máis alta	15.5 (día 1)	17.8 (07/11/1985)		
Tª máxima media	18.1	15.9	18.2 (2006)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	24.5 (día 18)	26.1 (07/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	11.2 (día 25)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	48	76-113	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	9	11	24 (2019)	0 (1981)

Comentario: Mes moi cálido en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2020. Temperatura: 1972-2020.

5 TEMPERATURA

Os valores de temperatura estiveron en xeral por riba do normal nesta época do ano. Varias borrascas desprendidas e os restos da tormenta tropical *Theta* impulsaron masas de aire desde o sur, propiciando temperaturas mínimas e máximas superiores ás habituais en novembro. Ademais, apenas tivemos chegadas de aire frío desde o norte que puidesen compensar estas anomalías.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 1 foi de 15.3 °C. Os valores máis altos rexistráronse no suroeste da provincia de Pontevedra, con valores que chegaron aos 20 °C de media. As máximas máis baixas déronse en Pena Trevinca, e no macizo de Manzaneda con máximas medias que apenas que superaron lixeiramente os 6 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de novembro, a partir dos valores do mapa da Figura 2, para o territorio galego foi de 7.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas zonas da alta montaña ourensá e tamén na comarca da Limia, con valores moi próximos aos 2 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse en practicamente todo o litoral, acadando valores suaves duns 13 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2020.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra que o mes de novembro foi en xeral moi cálido, tal e como se pode apreciar na Figura 3. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +2.0 °C. Hai unha gran diferenza entre o oeste da Comunidade, onde as anomalías mesmo resultaron normais nalgúns puntos (+0.2 °C), e o leste onde as anomalías máis altas, que se acadaron nos Ancares foi de máis de +3 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de novembro de 2020 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse nas comarcas dos Ancares e Sarria. As máis baixas (Táboa 2) tiveron nas comarcas de Fisterra, Terra de Soneira e Bergantiños.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	3.5
Nogais (As)	Lugo	3.2
Samos	Lugo	3.1
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.1
Becerreá	Lugo	3.0
Láncara	Lugo	2.9
Cedeira	A Coruña	2.9
Cervantes	Lugo	2.9
Baralla	Lugo	2.8
Folgoso do Courel	Lugo	2.8

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de novembro de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Fisterra	A Coruña	0.5
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0.6
Ribeira	A Coruña	0.6
Corcubión	A Coruña	0.7
Coristanco	A Coruña	0.7
Carnota	A Coruña	0.7
Camariñas	A Coruña	0.7
Ponteceso	A Coruña	0.7
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.7
Cee	A Coruña	0.7

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de novembro de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 17, 18 e 19 foron as que presentaron as temperaturas máis elevadas. Destaca a xornada do 17 por riba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2020 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/11/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	24.7
18/11/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	24.5
30/11/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	24.5
18/11/2020	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	24.0
19/11/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	23.8
18/11/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	23.7
18/11/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	23.5
18/11/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	23.5
18/11/2020	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	23.4
19/11/2020	Vigo	VIGO	Pontevedra	23.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en novembro 2020 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2020 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/11/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	19.6
19/11/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	19.4
18/11/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	19.0
19/11/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	18.8
18/11/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	18.7
17/11/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	17.7
17/11/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	16.8
17/11/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	16.7
19/11/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.5
17/11/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.0

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en novembro de 2020 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de novembro de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 4 foi especialmente fría, para altitudes por riba dos 1000 m, e as xornadas do 23 e o 24 tamén por debaixo desta altitude.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/11/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3.95
04/11/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.85
04/11/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-3.77
04/11/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-2.27
04/11/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.04
04/11/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-1.83
04/11/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.63
04/11/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.59
04/11/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-1.2
04/11/2020	Xurés	MUIÑOS	Ourense	-0.6
04/11/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-0.56

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en novembro de 2020 a unha altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/11/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-4.6
22/11/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.79
23/11/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.64
04/11/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-2.32
23/11/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-2.05
23/11/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-1.55
04/11/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1.45
04/11/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-0.9
24/11/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-0.66
23/11/2020	Ordes	ORDES	A Coruña	-0.4
04/11/2020	Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	-0.39

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en novembro de 2020 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 12.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.56 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto as medias das temperaturas máximas que foron moi cálidas (+1.75 °C), como nas mínimas que tamén foron cálidas (+1.36 °C). O precedente máis cálido nos tres casos está no ano 2015 e foi o sexto mes máis cálido da serie.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias quedaron en xeral por debaixo dos valores agardados en novembro xa que as xornadas de chuvia xeneralizada foron bastante escasas. Soamente algunhas zonas máis atlánticas e afectadas polas situacións de suroeste conseguiron chegar aos valores climáticos. Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 122 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse principalmente no suroeste da provincia de A Coruña, concretamente, na comarca de Noia, con valores que superaron os 430 L/m², segundo os valores do mapa. As zonas de menor precipitación, na alta montaña do leste da provincia del Lugo, acadaron valores que apenas chegaron aos 40 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2020.



6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 35 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Tan só no suroeste da provincia de A Coruña, e algúns puntos da Baixa Limia se acadaron valores normais de precipitación. Porén, destaca o leste da Comunidade como a máis seca con porcentaxes de precipitación de ata un 76% por debaixo do valor climático normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2020.

6.2. Días de chuva en novembro de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 11. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Muros, onde case acadáronse 17 días de chuva. Pola contra, na comarca do Valdeorras, acadáronse os valores máis baixos, chegando a valores inferiores aos 5 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de novembro de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro. As precipitacións acumuladas máis altas chegaron superaron os 400 L/m² na comarca de Muros, e estiveron moi próximas aos 300 L/m² nas mesetas e fosas occidentais. Así mesmo, destaca a chuva rexistrada entre as xornadas do 7 ao 8 de novembro, e as do 14 ao 15, con valores próximos ou que superaron os 60 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	437
Costa	ROIS	A Coruña	284
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	281
Cespón	BOIRO	A Coruña	278
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	278
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	264
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	243
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	237
Lesende	LOUSAME	A Coruña	230
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	198

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	88	14/11/2020 10:50
Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	75	24/11/2020 7:50
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	74	01/11/2020 9:00
Costa	ROIS	A Coruña	63	14/11/2020 11:20
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	61	25/11/2020 0:10
Arzúa	ARZÚA	A Coruña	59	08/11/2020 5:20
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	59	14/11/2020 14:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	59	07/11/2020 9:40
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	55	14/11/2020 17:20
Lesende	LOUSAME	A Coruña	54	07/11/2020 9:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2020.

6.3. Evolución da precipitación en novembro de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 106 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 39 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco a este ano está en 2017 cunha porcentaxe lixeiramente máis baixa.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010.





7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que foron bastantes as xornadas con ventos moi fortes, que superaron este limiar. Destaca o intervalo entre as xornadas do 4 e o 8, principalmente na alta montaña. A porcentaxe de calmas foi nalgúns casos bastante elevado.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
06/11/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	144.5
04/11/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	135.9
04/11/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	132.7
11/11/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	117.5
06/11/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	113.4
08/11/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	110.1
08/11/2020	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	106.7
06/11/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	105.1
05/11/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	104.5
06/11/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	100.7

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de novembro de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	98.3	S	12		
		Día 4				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	132.7	SO	8		
		Día 4				
Malpica	Malpica	92.2	SO	4		
		Día 4				
Marco da Curra	Monfero	75.9	S	4		
		Día 8				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de novembro de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	117.5	SO	2		
		Día 11				
Campus Lugo	Lugo	42.2	S	69		
		Día 15				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	100.7	S	10		
		Día 6				

Táboa 11: Resumo vento no mes de novembro de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	144.5	S	10		
		Día 6				
Rodicio	Maceda	84.4	S	12		
		Día 6				
Gandarela	Celanova	50.3	SE	39		
		Día 30				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de novembro de 2020 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	95.9	S	10		
		Día 5				
Cíes	Vigo	89.5	SO	21		
		Día 8				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de novembro de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de novembro de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de novembro 150 raios. Como se pode observar destacou a xornada do día 6 neste mes (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en novembro de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse nas provincias de Lugo e Ourense, mentres que en Pontevedra apenas detectáronse raios.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en novembro de 2020.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en novembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Pódese observar que no mes de novembro normalmente, os raios detectados soen superar os 200 raios, con excepción do ano 2014 que destaca moito con respecto aos demais anos.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en novembro dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
A Coruña																												
A Gándara	11.5	14.02	18.3	21	9.4	5.9	4	198	34.6	8	--	85	95	72	40	114	607	24	110	8	971	18	0					
Aldea Nova	12.9	16.26	19.9	21	10.2	6.1	4	87	15.7	2	45	84	97	69	42	120	627	9	63	11	987	16	0					
Arzúa	11.1	16.42	21.1	21	6.6	-0.1	23	158	39.0	15	122	89	99	66	43	123	650	5	51	4	977	13	1					
Camariñas	13.9	16.36	18.7	2	11.3	6.3	23	117	36.6	8	69	86	97	72	46	132	712	20	83	8	1018	17	0					
Cariño	14.2	17.19	21.3	18	11.3	8.0	23	76	16.6	25	31	83	95	69	38	105	604	12	90	4	1019	13	0					
Cespón	13.1	17.84	21.5	30	9.3	4.9	4	278	45.4	24	242	89	99	67	39	111	605	6	52	8	1014	17	0					
CIS Ferrol	13.6	17.66	21.2	17	10.3	5.4	23	86	15.0	2	39	81	94	63	40	115	627	9	69	5	1016	16	0					
Corrubedo	13.9	17.31	21.1	19	11.2	7.3	4	115	22.9	8	68	80	93	64	40	117	657	10	64	8	1015	18	0					
Coruña-Dique	14.2	17.2	21.1	1	11.4	6.9	23	44	13.2	24	-	78	91	63	-	-	-	16	78	4	1017	14	0					
Coruña-Torre de Hércul	14.6	17.83	22.6	18	11.9	8.4	23	62	17.6	24	-	75	88	61	-	-	-	-	-	-	-	-	13	0				
*Costa	12.6	16.75	19.6	21	9.1	4.5	24	283	52.1	24	-	94	100	78	-	-	-	4	46	8	999	16	0					
*Coto Muiño	11.1	15.82	21.3	21	6.8	0.2	23	243	42.4	8	-	91	98	73	-	-	-	4	53	15	-	19	0					
Fontecada	11.1	14.4	18.5	21	8.1	3.3	4	277	47.6	8	241	86	95	69	38	109	587	12	79	8	976	19	0					
*Guísamo	13.3	17.39	21.0	17	10.2	6.4	4	76	16.9	24	-	78	90	63	-	-	-	5	40	7	998	15	0					
*Lesende	13.0	16.57	19.5	30	9.9	5.7	4	229	48.3	24	--	86	98	69	41	118	623	6	52	8	999	19	0					
Lira	13.8	15.93	19.9	30	11.7	7.9	4	83	19.6	24	30	81	93	67	43	125	662	24	98	4	-	18	0					
Mabegondo	12.3	18.09	21.6	17	7.4	1.5	23	84	23.6	24	--	90	100	70	48	138	707	6	56	11	1008	14	0					
Malpica	13.2	16.12	19.5	18	11.0	8.6	23	90	14.8	24	47	88	99	72	48	137	690	20	92	4	1000	17	0					
Marco da Curra	10.3	13.62	17.9	17	7.8	3.5	4	95	24.2	15	53	84	94	71	42	120	653	19	75	8	944	15	0					
Melide	10.6	16.18	21.5	21	6.2	0.0	4	95	19.7	9	57	85	96	66	43	124	653	6	60	4	964	12	1					
Muralla	10.7	13.01	18.5	21	8.9	5.0	4	437	83.4	1	408	89	96	77	37	100	558	24	88	8	943	16	0					
*O Val	13.1	17.72	21.1	17	9.1	4.1	23	88	15.4	24	-	84	95	67	-	-	-	4	45	4	1011	15	0					
Olas	11.4	15.62	20.3	21	8.0	4.2	3	148	30.1	15	107	86	98	68	46	133	661	13	59	14	-	16	0					
*Ordes	11.1	16.24	20.6	21	6.4	-0.4	23	145	32.4	24	-	85	94	66	-	-	-	3	46	4	987	14	1					
*Paramos	11.2	15.05	18.2	21	8.0	4.4	4	281	39.6	15	-	96	100	83	-	-	-	7	53	4	976	18	0					
*Pazo de Galegos	12.7	17.17	20.6	21	8.9	2.6	4	143	29.4	15	43	86	96	69	45	131	671	5	54	1	993	12	0					
Punta Candieira	13.6	15.93	19.3	1	11.4	8.1	4	70	9.9	18	10	78	94	64	43	124	642	29	132	4	988	13	0					
Punta Langosteira	14.4	16.87	20.5	1	12.0	8.5	23	33	8.3	8	-	81	94	69	46	133	657	20	98	4	1017	14	0					
Río do Sol	10.7	13.73	18.3	21	8.4	4.8	4	180	35.9	8	146	88	96	75	39	113	590	20	80	4	956	18	0					
*Rus	12.4	17.45	22.3	21	8.0	1.4	23	137	28.0	24	-	92	100	73	-	-	-	4	42	11	1003	16	0					
Sálvora-Pazo	14.2	16.37	18.1	21	12.5	9.7	4	94	35.3	24	7	84	93	71	48	140	732	22	83	8	-	18	0					
Santiago-EOAS	12.2	16.14	20.7	21	9.0	4.7	23	187	35.4	15	146	85	95	68	40	115	617	14	70	15	990	14	0					
Santiago-San Lázaro	12.1	15.85	20.8	21	8.9	2.6	23	127	24.3	24	83	84	93	68	40	114	602	9	62	4	984	16	0					
Sergude	12.1	16.81	21.2	21	8.5	2.9	4	178	35.1	15	-	87	97	68	30	87	499	-	-	-	-	13	0					
Serra da Faladoira	10.7	13.75	18.8	17	8.5	4.0	4	102	24.6	15	57	83	94	70	45	128	675	20	96	4	952	17	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^a C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m ²	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																									
A Pontenova	12.1	15.95	20.5	18	8.8	4.6	4	64	13.7	9	-	79	95	63	41	117	658	15	94	14	-	12	0		
Abradelo	10.6	14.45	20.4	17	7.4	1.3	4	72	16.7	25	-	74	88	58	46	133	708	-	-	-	-	11	0		
*Alto do Faro	8.3	11.51	17.3	18	5.3	0.8	27	119	35.6	8	-	87	95	75	-	-	-	5	53	4	923	14	0		
*Alto do Poio	7.2	9.83	16.0	17	4.8	-1.6	4	111	32.3	15	-	80	92	65	-	-	-	10	79	5	-	13	2		
Ancares	7.9	10.92	16.8	17	5.2	-1.8	4	46	11.1	2	-2	75	90	58	46	132	690	21	100	6	867	11	2		
*Borreiros	12.6	17.78	23.3	18	8.4	3.8	23	60	13.7	4	20	89	99	67	44	128	644	5	50	11	1012	12	0		
Bóveda	10.6	16.45	22.8	18	5.9	-0.1	24	64	16.9	25	25	83	96	62	39	114	642	5	50	6	970	11	1		
Burela	12.4	15.19	20.8	18	10.1	5.7	4	78	22.4	25	24	78	93	64	47	136	702	15	95	1	970	11	0		
Campus Lugo	10.1	16.32	21.7	17	5.6	0.4	23	84	19.3	8	48	90	100	64	39	113	644	4	42	15	973	11	0		
Castro R. de Lea	10.1	15.14	20.2	18	5.8	0.0	24	86	22.1	9	-	90	99	72	41	119	649	-	-	-	971	15	1		
Conchada	10.9	15.21	20.4	18	7.5	0.6	4	52	20.0	25	-	83	95	68	44	128	678	-	-	-	-	10	0		
Corno do Boi	9.8	13.12	18.3	17	7.3	2.5	4	152	42.9	15	114	84	93	71	43	124	630	13	70	15	-	13	0		
Cospeito	9.4	15.48	20.8	17	4.3	-0.7	24	88	24.2	9	33	92	100	72	39	113	621	5	52	4	-	13	3		
Courel	10.6	14.73	21.0	18	7.2	1.3	4	69	18.0	25	20	75	90	58	44	126	667	10	82	5	931	10	0		
Feiranova-Santaballa	9.9	15.28	19.5	17	5.4	0.2	23	85	17.6	15	49	90	99	69	45	129	676	6	67	5	-	13	0		
Fontaneira	9.3	12.56	18.3	17	6.5	1.5	4	74	18.2	15	29	81	93	66	45	129	639	17	79	4	907	14	0		
Foz	12.7	17.14	23.2	18	8.6	4.7	23	50	13.7	4	-1	80	94	64	47	135	656	12	88	11	1011	12	0		
Fragavella	10.1	13.78	17.9	17	6.6	1.9	4	92	16.6	15	48	85	97	69	48	138	706	16	86	18	950	14	0		
Guitiriz-Mirador	10.2	13.51	17.8	17	7.8	3.2	4	113	32.8	15	76	84	94	71	35	100	580	11	57	4	940	14	0		
*Labrada	10.2	13.24	17.0	17	7.6	2.8	4	139	31.7	15	99	83	95	69	39	112	608	11	60	4	-	17	0		
*Lanzós	9.4	15.43	19.3	21	4.1	-2.0	23	77	17.2	15	-	88	98	69	-	-	-	3	47	5	964	12	7		
*Lourenzá	12.3	18.15	23.4	18	7.3	1.3	23	56	9.4	9	-	84	97	62	-	-	-	4	55	11	-	13	0		
Marroxo	11.2	14.75	20.4	17	8.1	1.7	4	51	15.8	25	6	80	92	65	41	118	635	10	60	6	946	11	0		
*Míllara	11.1	16.29	22.8	18	7.6	3.3	4	69	13.0	25	-	90	99	69	-	-	-	4	52	8	-	12	0		
Monforte	10.7	16.95	23.7	18	6.3	0.0	4	54	15.4	25	23	92	100	68	29	84	556	2	53	6	-	12	0		
*Morelle	10.0	16.4	22.3	18	4.7	-1.5	23	59	14.8	25	27	90	100	66	31	89	565	3	32	5	971	11	3		
O Cebreiro	6.7	10.57	16.5	19	3.9	-2.0	4	91	28.3	15	59	90	98	74	38	110	606	12	57	5	872	13	2		
O Xipro	10.1	14.59	19.8	17	6.9	1.6	4	50	14.5	15	1	80	96	63	49	140	726	13	68	4	929	9	0		
O Xistral	8.6	11.01	15.2	21	6.6	1.3	4	167	39.4	15	-	90	97	76	41	117	624	37	135	4	-	18	0		
*Olveda	9.8	14.93	19.2	21	6.3	1.8	4	91	30.7	8	60	87	97	70	28	80	550	2	33	4	-	12	0		
Pedro Murias	13.7	17.66	24.0	18	10.0	6.5	21	55	15.5	25	16	83	97	66	40	116	588	10	70	11	1014	10	0		
Penedo do Galo	11.3	13.9	19.0	17	9.2	4.3	4	69	14.7	25	17	81	95	67	44	125	634	28	117	11	-	13	0		
Pol	10.6	14.43	19.6	17	7.6	2.7	4	97	19.3	15	-	81	94	65	47	134	685	-	-	-	944	12	0		
Portomarín	10.4	15.63	20.4	18	6.2	0.3	24	82	21.6	8	-	91	100	70	26	75	509	-	-	-	968	11	0		
Riotorto	11.7	16.5	21.5	18	7.8	2.1	23	84	20.5	9	45	91	100	73	45	129	682	6	65	14	-	13	0		
Sambreixo	9.6	15.26	20.5	17	4.8	-1.4	23	137	39.8	9	-	89	99	69	44	126	645	-	-	-	-	12	4		
*San Clodio	11.6	17.37	23.5	18	7.4	1.1	23	48	18.8	25	-	86	99	62	-	-	-	3	29	15	990	9	0		
*San Fiz	11.0	15.9	21.6	18	7.2	2.5	23	65	17.3	25	--	87	97	68	37	107	641	4	35	15	974	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Santa Cruz	11.7	17.98	23.1	18	6.2	0.4	22	59	11.0	4	19	88	99	65	41	119	638	4	66	11	-	12	0		
Serra Vacaloura	9.7	13.32	17.9	17	7.1	2.4	4	77	25.0	8	43	91	98	77	47	135	693	19	70	15	-	12	0		
Ventosa	9.8	14.04	20.8	17	6.0	0.6	4	42	13.0	2	-8	76	90	59	47	135	698	11	78	6	915	10	0		
*Vilamor	12.1	17.42	22.8	17	7.2	1.2	23	53	10.2	9	7	84	97	64	43	123	637	6	55	11	-	12	-		
*Xabrega	11.4	16.73	23.0	18	7.5	2.1	4	66	19.3	25	17	86	97	66	34	98	623	4	56	8	983	10	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	8.3	12.18	18.8	19	4.8	-0.6	4	131	45.0	25	92	83	95	66	43	124	668	12	95	4	905	13	1				
*A Portela	11.5	17.22	20.9	2	7.0	1.3	23	44	31.6	25	1	81	98	57	42	123	673	4	43	4	-	8	0				
*A Trabe	9.9	13.27	19.1	19	6.9	2.4	4	129	52.9	25	72	85	94	72	41	119	638	4	56	4	931	13	0				
Alto do Rodicio	9.0	12.39	17.4	19	6.2	-0.3	4	90	24.7	25	--	86	95	70	46	134	697	15	84	6	908	12	1				
Amiudal	10.9	14.95	18.4	13	7.7	3.0	4	128	35.8	8	90	87	97	70	44	127	686	8	58	15	956	13	0				
As Petarelas	10.7	15.94	20.2	18	6.8	0.8	4	33	20.5	25	-	81	96	61	45	130	696	-	-	-	-	6	0				
Baltar	9.1	14.36	19.6	18	3.8	-2.3	4	102	29.4	25	61	87	99	65	46	133	779	9	50	6	928	14	6				
Cabeza de Manzaneda	5.2	7.5	13.1	18	2.8	-4.0	4	135	30.3	6	95	80	93	63	43	123	671	27	104	5	827	12	5				
*Calvos	8.1	14.02	20.1	19	2.3	-4.6	4	73	19.9	25	32	89	100	66	45	131	724	8	57	8	-	14	13				
Casaio	8.6	11.6	17.7	17	5.5	-0.5	4	46	13.3	25	-	70	87	53	-	-	-	8	77	4	-	8	1				
*Corzos	7.8	12.54	19.0	18	4.2	-2.3	4	80	29.4	25	-	78	90	59	-	-	-	8	71	6	-	10	2				
Entrimo	10.6	15.28	22.9	19	7.0	0.7	4	145	36.6	15	-	87	97	71	36	105	603	-	-	-	-	12	0				
*EVEGA Leiro	11.2	18.29	23.5	18	6.6	0.1	4	93	25.1	8	-	89	97	65	-	-	-	1	30	8	1008	12	0				
Lardeira	6.1	9.19	15.7	17	3.6	-3.8	4	44	11.4	25	4	77	92	60	48	138	714	22	113	6	841	8	2				
*Larouco	11.2	16.08	20.5	18	7.1	1.2	4	38	24.6	25	-	73	86	55	-	-	-	4	31	14	960	8	0				
Laza	10.2	15.37	21.1	19	6.1	0.7	4	89	28.8	25	54	89	99	66	40	115	633	5	64	5	-	11	0				
Monte Medo	10.7	15.13	18.9	17	6.7	-0.4	4	78	20.9	25	-	83	96	64	42	121	649	-	-	-	-	10	1				
O Invernadeiro	7.5	11.89	19.4	19	3.9	-1.6	4	180	61.4	25	151	90	99	71	32	94	554	9	76	5	904	14	2				
Ourense	12.1	18.09	24.5	18	8.1	2.3	4	47	9.8	25	-	83	95	58	-	-	-	-	-	-	-	11	0				
Ourense-Estacións	12.8	18.41	24.7	18	9.0	3.1	4	52	10.8	25	16	82	94	59	34	98	585	2	30	3	1006	11	0				
*Pazo de Fontefiz	11.6	16.1	21.5	18	7.9	2.1	24	73	16.3	8	--	83	94	67	37	107	590	4	45	5	972	12	0				
*Ponte Boga	11.6	16.81	22.9	18	7.5	1.5	23	48	18.9	25	-23	80	95	60	44	127	713	4	56	5	965	8	0				
*Prado	11.8	17.69	23.3	18	8.2	2.1	4	73	21.8	8	-	88	96	67	-	-	-	2	23	5	1004	11	0				
Remuíño	11.0	17.48	22.0	18	7.2	0.3	4	83	17.6	8	51	91	98	68	29	86	575	3	36	4	-	11	0				
*Riós	9.6	13.27	19.8	19	6.5	1.2	4	119	43.9	25	83	87	98	71	42	121	654	5	40	5	-	13	0				
San Xoán de Río	8.4	12.57	18.7	18	5.5	-0.5	4	71	23.6	25	31	85	95	67	46	133	684	13	65	6	903	9	1				
Serra do Eixe	7.8	11.1	16.7	17	4.8	-1.2	4	61	26.7	25	23	87	96	72	46	134	688	17	105	6	882	11	1				
Verín-Vilamaior	10.8	15.77	21.7	19	7.0	1.1	4	108	35.4	25	67	84	96	65	41	119	652	7	66	6	958	11	0				
Verín-Vilela	9.9	16.93	22.7	19	4.8	-2.8	22	92	28.5	25	35	88	99	64	38	109	617	3	52	5	-	12	6				
Viana do Bolo	9.5	14.6	20.6	19	5.3	-0.3	4	73	33.4	25	31	82	95	62	42	122	679	9	77	6	923	11	1				
Xares	5.4	8.21	15.1	20	3.0	-3.8	4	69	14.0	6	24	77	91	60	44	129	691	27	144	6	826	12	3				
Xinzo	9.8	14.6	18.4	1	5.2	-2.6	23	58	18.0	25	23	91	100	72	42	121	690	11	56	6	948	14	5				
Xurés	9.3	12.74	19.6	19	6.2	-0.6	4	135	27.9	15	--	80	94	63	49	141	753	--	--	-	900	15	1				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	11.9	16.22	20.0	30	8.1	2.2	4	144	32.0	1	107	87	96	70	36	103	596	7	64	8	-	-	-	-	15	0		
A Granxa	12.0	18.54	22.2	12	7.2	0.5	4	139	39.3	8	102	89	98	64	38	111	642	2	44	15	1015	-	-	-	15	0		
A Lanzada	13.4	17.42	20.5	30	9.7	5.1	4	96	24.6	24	51	86	96	69	47	136	683	15	66	8	-	-	-	18	0			
*Areas	13.4	18.31	21.6	18	9.6	4.4	4	145	32.2	8	111	95	100	80	38	110	623	2	39	2	-	-	-	16	0			
*As Eiras	13.0	18.1	21.8	18	8.8	3.3	4	90	26.2	8	41	87	98	66	44	128	663	4	53	6	1014	-	-	-	14	0		
Atios	12.5	18.84	22.2	12	7.4	2.0	4	132	34.9	8	97	93	100	69	41	118	641	4	47	15	-	-	-	16	0			
Baiona	14.3	18.23	22.0	12	10.6	6.5	4	115	28.1	24	68	84	97	65	49	144	736	7	60	8	-	-	-	14	0			
*Barrantes	13.1	17.77	20.5	12	9.0	3.0	4	91	18.7	24	--	85	97	67	--	--	573	6	49	4	-	-	-	15	0			
Cabo Udra	14.1	17.6	20.1	18	11.3	7.7	4	59	13.0	24	18	89	99	69	46	134	694	16	97	8	-	-	-	15	0			
Caldas de Reis	12.5	16.24	20.1	21	9.7	3.7	4	139	27.1	8	99	83	94	69	36	105	617	7	54	15	988	-	-	-	15	0		
*Camanzo	12.4	17.5	20.9	21	8.3	1.1	23	104	22.9	9	28	84	95	67	43	124	683	6	68	8	995	-	-	-	19	0		
Cangas-Porto	14.6	17.73	21.6	30	11.8	8.4	4	71	17.8	15	-	76	88	61	-	-	-	9	71	8	-	-	-	13	0			
Castro Vicaludo	12.1	15.07	21.8	19	9.8	5.2	4	182	69.6	24	142	87	97	72	43	125	663	19	106	8	964	-	-	-	16	0		
Castrove	12.0	15.85	20.6	30	9.1	4.7	4	115	21.1	8	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-	-	-	--	-	-	18	0	
*Cequelifios	12.3	16.92	21.2	18	8.8	3.2	4	74	12.0	25	32	86	97	66	39	113	668	7	46	8	-	-	-	12	0			
Corón	14.0	17.32	20.3	22	11.2	6.9	23	150	31.9	24	100	81	93	64	45	130	678	13	68	8	1020	-	-	-	17	0		
*Entenza	12.8	18.15	21.6	12	8.9	3.4	4	102	23.2	8	65	88	98	66	37	108	639	1	39	8	-	-	-	12	0			
Forcarei	10.5	14.25	18.9	21	7.3	3.0	4	181	44.3	15	145	89	98	73	43	124	657	17	68	8	-	-	-	15	0			
Fornelos de Montes	11.4	14.12	21.2	19	9.0	4.0	4	237	44.5	8	188	80	93	66	44	127	651	20	95	5	938	-	-	-	14	0		
Gargamala	13.1	17.47	21.5	19	9.3	5.6	23	135	32.8	8	93	87	98	68	47	135	684	5	61	4	-	-	-	13	0			
Illas Cíes	14.5	17.34	20.1	19	11.6	8.3	16	49	9.8	15	--	85	98	66	51	147	758	14	89	8	-	-	-	13	0			
Lalín	10.9	15.22	19.2	18	7.3	1.2	4	105	25.4	8	-	86	98	67	-	-	-	9	52	8	-	-	-	11	0			
*Louredo	12.4	16.88	21.3	19	8.9	4.1	4	119	28.1	8	-	--	--	--	-	-	-	--	--	-	--	--	-	17	0			
Lourizán	13.0	18.01	21.8	19	9.1	4.4	23	105	29.9	8	67	91	100	70	41	120	674	3	40	8	1013	-	-	-	14	0		
*Meder	13.2	18.43	21.9	17	8.9	4.1	4	110	26.8	8	-	80	91	60	-	-	-	3	34	5	1003	-	-	-	12	0		
Monte Aloia	11.5	16	21.8	19	8.8	4.8	4	188	35.3	24	--	90	98	74	28	82	542	8	63	8	963	-	-	-	15	0		
Mouriscade	10.2	15.65	19.2	17	5.0	-1.5	4	105	29.0	8	--	86	99	66	15	44	404	--	--	-	961	-	-	-	13	2		
O Viso	12.7	18.2	23.8	19	9.3	5.3	4	117	28.0	8	--	81	93	61	33	83	600	7	56	15	987	-	-	-	14	0		
Ons	13.8	16.47	18.9	22	11.5	7.5	4	92	27.6	24	43	86	97	71	50	145	762	20	80	8	1005	-	-	-	17	0		
*Pé Redondo	13.8	17.93	21.0	12	10.6	6.1	4	123	24.2	15	89	85	95	70	-	-	561	3	55	8	-	-	-	15	0			
*Ponte Caldelas	12.4	16.08	21.4	19	8.7	4.5	4	147	25.2	1	101	80	91	66	44	126	640	8	58	5	977	-	-	-	14	0		
Pontevedra-Campolongo	13.8	20	24.5	30	9.4	4.6	4	97	26.3	8	-	85	99	57	-	-	-	2	41	15	-	-	-	14	0			
Rebordelo	11.5	16.72	22.4	19	6.6	1.2	23	178	41.6	8	-	88	99	66	44	127	652	-	-	-	978	-	-	-	14	0		
San Nomedio	11.8	14.56	20.3	19	9.6	4.1	4	150	29.6	8	106	83	95	69	42	122	652	18	86	6	-	-	-	12	0			
Sanxenxo	14.5	18.1	21.8	19	11.3	7.2	4	71	16.9	24	24	74	87	58	46	134	668	5	60	8	1015	-	-	-	17	0		
Serra do Faro	8.8	11.86	17.3	21	6.3	1.3	4	171	43.3	8	133	85	95	71	44	126	619	21	72	15	906	-	-	-	15	0		
*Simes	13.6	18.44	22.9	19	9.6	5.7	23	84	17.6	1	-	83	95	64	42	122	642	-	-	-	-	-	-	-	15	0		
*Soutomaior	13.3	18.03	22.8	19	9.8	5.3	4	102	24.2	8	-	84	95	66	-	-	-	2	36	15	999	-	-	-	13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 11

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Torrequeintáns	13.6	18.22	21.6	30	9.6	4.7	4	109	22.4	15	58	89	98	71	45	131	697	5	58	8	1011	14	0		
*Tremoedo	13.2	17.49	20.1	17	9.3	4.5	4	106	21.2	24	-	82	94	63	-	-	-	3	42	4	1012	15	0		
Vigo	14.4	18.52	23.3	19	11.3	6.9	4	93	22.1	8	-	76	90	60	-	-	-	-	-	-	-	14	0		
Vigo-Campus	12.7	15.49	20.9	12	10.1	6.1	4	131	31.0	8	--	79	92	65	--	--	708	11	82	8	966	17	0		
Xesteiras	10.3	12.89	18.3	21	8.1	3.5	4	263	61.3	1	-	87	96	75	-	-	-	--	--	4	-	17	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.